

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN

PRAIA FLUVIAL
CONCELLO DA ESTRADA



Concello
da Estrada

- 1.- OBXECTO.**
- 2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.**
- 3.- CARACTERÍSTICAS DE USO.**
- 4.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO Á INSTALACIÓN.**
 - 4.1.- REALIZACIÓN DE EVENTOS NA INSTALACIÓN.**
 - 4.2.- NORMAS PARA A ZONA DE BAÑO.**
- 5.- NORMAS COMÚNS DE ACCESO Á PRAIA FLUVIAL.**
 - 5.1.- APERTURA PREVIA DA INSTALACIÓN.**
- 6.- MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA A INSTALACIÓN.**
- 7.- SOLICITUDE DA INSTALACIÓN PARA EVENTOS.**
- 8.- EN CASO DE ACCIDENTE**
- 9.- ANEXO I. SOLICITUDE.**

1.- OBXECTO.

Este protocolo será de obrigado cumprimento por parte dos usuarios que vaian utilizar a praia fluvial no Concello da Estrada. Será complementado por aquelas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.

De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderalles aos usuarios dende o momento no que se atopen dentro da instalación, e baixo a súa exclusiva responsabilidade.

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

O Concello da Estrada establece o uso “libre, público e gratuíto” da praia para os usos comúns e habituais. Poderán utilizar as diferentes instalacións os cidadáns que cumpran os requisitos marcados e realicen o procedemento correctamente para realizar eventos. Terán prioridade na utilización durante o horario de apertura todos os usuarios, quedando unha franxa horaria, a determinar, para os deportistas que o precisen do noso Concello, nunca interferindo nos horarios de apertura ao público.

O ACCESO SERÁ LIBRE SEN NECESIDADE DE FACER RESERVA ALGUNHA. ÚNICAMENTE HABERÁ QUE FACER RESERVA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS.

Para a realización de eventos, atenderanse as solicitudes que se formulen en tempo e forma mediante solicitude e obrigado cumprimento obrigado de normas de hixiene e seguridade.

Esta normativa será a que se aplicará na praia fluvial para a tempada 2022 (15 de xuño ata 15 de setembro)

3.- CARACTERÍSTICAS DE USO.

- Poderán acceder nenos/as e mozos/as ata os 16 anos de idade, sempre e cando vaian acompañados dun adulto, coa debida acreditación.
- Poderán acceder aqueles usuarios entre 16 e 18 anos, sempre e cando presenten unha autorización do pai/nai/titor legal para poder acceder as instalacións sen acompañante.
- **Días de utilización: de luns a domingo.**
- **Horario das instalacións: as instalacións permanecerán abertas de luns a venres en horario de 15 a 21h. Sábados e domingos en horario de 11 a 21h.**
- Dentro da instalación, respectar en todo momento normativa, sinalética e instrucións do persoal responsable da mesma.
- A instalación conta con vestiarios e duchas para os usuarios.
- Estará permitido realizar eventos colectivos a usuarios particulares, previa solicitude, sempre e cando se cumpra a normativa sanitaria estipulada para este tipo de eventos.
- No caso de que algunha solicitude sexa denegada, faráselle saber ao solicitante.

4.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO Á INSTALACIÓN.

- A instalación terá unha porta de entrada e saída para os peóns (portal máis próximo ao río). O portal máis afastado do río, únicamente se abrirá para o acceso de vehículos para carga e descarga.
- Prohibido o paso á instalación a animais, excepto cans guía. Deste xeito, **prohibese** a circulación, permanencia e baño de calquera tipo de animal doméstico na praia ou na zona de baño durante a tempada de baño.
- Está prohibido o estacionamento no interior de todo o recinto da praia fluvial. Únicamente poderán acceder vehículos para carga e descarga.
- **Prohibese expresamente a actividade habitualmente coñecida como “botellón”, tendo en conta os riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal.**
- Queda prohibido deixar instalados parasoles, sempre que non se atopen presentes os propietarios para ter reservado un lugar na praia. Tamén queda prohibida a acampada en calquera praia, durante todo o ano e a calquera hora, excepto autorización expresa para unha actividade concreta.
- O desenvolvemento de actividades ou xogos (pelota, paas, **volei**, etc) tanto na herba, na area como na auga poderanse realizar única e exclusivamente se non supoñen unha molestia para o resto dos usuarios ou se a dimensión da praia así o permite. Quedan exceptuadas as zonas que teña adicadas o **Concello** a este tipo de actividades de forma permanente e as organizadas polo propio Concello, así como aquelas ca autorización pertinente.
- Deberanse desbotar as máscaras, luvas, panos de papel ou outros materiais que se utilicen nas papeleiras que hai na instalación.

4.1.- REALIZACIÓN DE EVENTOS NA INSTALACIÓN.

- **Todos aqueles eventos que superen as 10 persoas é obrigatorio que realicen a correspondente solicitude.**
- **Cando as solicitudes presentadas para un mesmo día, sobrepasen os 300 asistentes, non se concederá ningunha a maiores. As autorizacións terán orde de saída tal e como se recibiron por rexistro de entrada**
- **Presentación da solicitude segundo modelo (Anexo I), que aproba o acceso á instalación.** Dispoñible na web municipal www.aestrada.gal
- Para poder realizar eventos nas instalacións da praia fluvial, requirírase presentar a solicitude polo Rexistro Central do Concello da Estrada ou pola sé electrónica da web municipal www.aestrada.gal . No caso de non poder autorizar a solicitude, propoñerase un horario alternativo, fóra do cal non se poderá permanecer na instalación.
- Está prohibido dar un uso diferente ao establecido ás duchas, **lavapés** ou aseos. Non se poderán limpar neles utensilios de cociña ou lavarse utilizando xabón, xel, **champú** ou calquera outro produto deterxente.
- Queda expresamente prohibido tirar cabichas ou cinza na praia. Aquelas persoas que desexen fumar non o poderán facer no areal (espazo libre de fume) e deberán de recoller as cabichas e as cinzas nun recolledor para tal efecto e desbotalas nas papeleiras da instalación.
- Únicamente se poderá realizar lume nos lugares habilitados para tal fin (barbacoas). No caso de que o IRDI (risco diario de incendio forestal) sexa de nivel extremo, o Concello , prohibirá a realización de lumes de calquera tipo en toda a instalación, quedando revogadas as autorizacións concedidas con anterioridade.

- Referente á montaxe de inchables para eventos, deberá de ser solicitada expresamente no impreso de solicitude e ir acompañada por unha copia da póliza do seguro da empresa responsable da instalación do inchable.

4.2.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA A ZONA DE BAÑO.

- O posto de socorro estará situado a pé de praia.
- Facer caso en todo momento das indicacións do socorrista.
- Na zona da ponte, esta prohibido tirarse de cabeza e sobrepasar a liña de comportas.
- Na zona da ponte, únicamente está permitido entrar na auga polas escaleiras.
- Utilizar as papeleiras e non deixar o lixo na zona de praia.

5.- NORMAS COMÚNS DE ACCESO Á PRAIA FLUVIAL

5.1.- MEDIDAS PREVIAS Á APERTURA DA INSTALACIÓN.

- Limpeza e desinfección profunda das instalacións previa á reapertura mediante unha empresa ou persoal especializado en limpeza e produtos homologados, con especial atención aos espazos pechados como os baños e aseos.
- Así mesmo, limparanse e desinfectaranse aquelas superficies en contacto frecuente coas mans dos usuarios, como pomos das portas dos vestiarios ou varandas.
- Expoñer de maneira visible ao público un documento que acredite o traballo realizado antes de apertura.
- Aproveitamento de material de sinalización e balizamento así como os EPIs para os traballadores que estableza a normativa. Lembrarase aos usuarios por medios de cartelería visible as normas de hixiene e prevención, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.
- O uso e limpeza dos aseos deberase verificar que, en todo momento, estean dotados de xabón e/ ou xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- Formar ao persoal nos novos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas,...) para garantir a súa seguridade e a dos usuarios.

6.- MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA A INSTALACIÓN

- O responsable da instalación, deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección axeitadas ás características e intensidade de uso da instalación prevista nesta normativa.
- Neste caso limpeza e desinfección diaria dos aseos, parque infantil, e varandas, así como recollida de papeleiras e desinfección das mesmas.
- Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común.
- As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como vestiarios, armarios gardarroupa, aseos e áreas de descanso.
- Cando de acordo co previsto nesta normativa o uso dos aseos estea permitido por clientes, visitantes ou usuarios, a súa ocupación máxima será dunha persoa, agás naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a súa utilización polo seu acompañante.
- Os aseos non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.

7.- SOLICITUDE DA INSTALACIÓN PARA EVENTOS

- Rexistrar á solicitude debidamente cuberta.
- No caso de que a realización do evento leve consigo o servizo de catering contratado a unha empresa, deberá de adxuntar a maiores da solicitude, os datos da empresa e o teléfono de contacto da mesma.
- É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 48 horas antes.
- Non se atenderán solicitudes que non cumpran estes requisitos.
- No caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propoñerá un horario alternativo, sempre e cando sexa posible

8.- EN CASO DE ACCIDENTE

- Existe un botiquín na instalación, xestionado polos socorristas responsable da instalación. No caso de accidente grave, hai que ser especialmente coidadoso coas manobras que leven a cabo e tentar dentro do posible, non mobilizar o accidentado, dando aviso os servizos de emerxencia.
 - * **Emerxencias: 112**
 - * **Emerxencias A Estrada: 986 573 333**
 - * **Centro de Saude A Estrada: 986 573 459**

9.- ANEXO I



SOLICITUDE DE EVENTOS NA PRAIA FLUVIAL

O Concello da Estrada, abre a solicitude, para a realización de eventos na praia fluvial. A autorización para a utilización pode estar condicionada polos protocolos doutras administracións.

NOME DO SOLICITANTE _____

ENDEREZO _____

DNI: _____ TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

TIPO DE EVENTO: _____

DÍA: _____ FRANXA HORARIA SOLICITADA: _____

NÚMERO DE ASISTENTES: _____

ACCESO DO VEHÍCULO PARA CARGA E DESCARGA: _____

OBSERVACIÓNS: _____

***É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 48 horas antes.
Non se atenderán solicitudes que non cumpran este requisito.
No caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propoñerá un
horario alternativo.***

O SOLICITANTE DECLARA:

- *Que leu o protocolo da instalación e coñece cales son as indicacións das autoridades sanitarias para este tipo de eventos, comprometéndose ao seu cumprimento de forma exhaustiva.*
- *Así mesmo declara que accederá ás instalacións coas medidas esixidas, e que cumprirá coas normas de utilización que marca o protocolo para a utilización da praia fluvial do Concello da Estrada, en cada un dos espazos.*
- *Declara que respectará as instalacións, comprometéndose a recoller o lixo derivado da realización do evento, depositándoo nos colectores de lixo existentes o lado do local do bar, así coma, no caso de realizar lume para preparar alimentos, unicamente o fará nos lugares habilitados.*
- *Está prohibido o estacionamento no interior de todo o recinto da praia fluvial. Únicamente poderán acceder vehículos para carga e descarga polo portal máis afastado do río, volvendo a pechar o portal de entrada unha vez saia o vehículo do recinto.*
- *Únicamente se poderá realizar lume nos lugares habilitados para tal fin (barbacoas). No caso de que o IRDI (risco diario de incendio forestal) sexa de nivel extremo, o Concello , prohibirá a realización de lumes de calquera tipo en toda a instalación, quedando revogadas as autorizacións concedidas con anterioridade.*

A sinatura acredita estar conforme coa aceptación das normas de utilización da praia fluvial do Concello da Estrada.

A Estrada, _____ de _____ de 2022

SINATURA: